



## Índice de contidos

Que é a aula virtual (A.V.)?.....	1
Como acceder á AV?.....	1
Que pasa a primeira vez que me identifico?.....	2
Que é o primeiro que debo facer?.....	2

## Que é a aula virtual (A.V.)?

A A.V. é unha contorna virtual de aprendizaxe, é dicir, un **espazo web onde podemos aprender e formarnos**. Para acceder a este espazo é preciso contar cunha **conexión a internet** e un dispositivo (pc, portátil, tablet ou smartphone) cunha aplicación (app) que permita a navegación web (por exemplo firefox ou chrome).

A nosa AV está construída cunha aplicación web (sistema de xestión) chamada **Moodle**. Hai moitos outros sistemas de xestión ou LMS (Learning Management System) como Chamilo, Dokeos, Canvaslms, G. Classroom e outros. Nós debemos aprender a manexarnos co que temos, debemos aprender a traballar de forma fluída con Moodle.

Moodle é unha aplicación deseñada para realizar cursos a través de Internet que permite:

- Presentar un material didáctico, ben en forma de leccións, traballos, exercicios, cuestionarios, etc.
- Proporcionar recursos de información como poden ser foros, chats, audio, vídeo, páxinas Web, etc.
- Diversas actividades para que o alumnado interactúen entre eles ou co profesorado.

## Como acceder á AV?

Da mesma maneira que accedemos a calquera páxina web tamén accederemos á AV. Precisaremos utilizar un navegador web e escribir o enderezo web ou ben buscalo con google ou con outro buscador. O enderezo web á páxina do instituto é <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesaquiscelenis/> (podes premer nela e tamén accederás). Para facilitar o antrada diaria é moi práctico engadir o enderezo web aos favoritos do navegador (**preme para ver un videotutorial**).

Na AV hai moitos cursos que están organizados por etapa educativa e nivel. Evidentemente só poderás acceder aos que che correspondan. E preguntaste... como é posible que moodle saiba cales son os meus cursos? Pois porque previamente o teu profesorado matriculouse nos seus cursos utilizando unha identificación. Polo tanto, pouco podes facer na AV se non te identificas. Para poder acceder aos teu cursos na AV debes identificarte na mesma co teu nome de usuario/a e o teu contrasinal (**preme para ver un videotutorial**). O nome de usuario/a pode ser coñecido polo profesorado pois con el te identifica pero o contrasinal non. O contrasinal non pode ser coñecido por ninguén que non sexas ti. O profesorado non ten posibilidade de coñecer o teu contrasinal e tampouco o administrador do sistema polo que debes gardalo en lugar seguro para non esquecelo. Ten presente que é preciso para que podas traballar na AV.



O nome de usuario/a vai ter a mesma estrutura para todos/as, *nome.apelidos* (por exemplo: alberto.abadincid) no caso de nomes compostos estes irán separados por punto, *nome1.nome2.apelidos* (por exemplo: manuel.alberto.abadincid). Se o nome ou apelidos conteñen ñ haberá que substituíla por **n** (por exemplo: Alberto Abadín Núñez – alberto.abadinnunez). O primeiro contrasinal que ides utilizar e que logo o sistema vos obrigará a cambiar seravos comunicado ao inicio de curso.

## Que pasa a primeira vez que me identifico?

Logo de identificarnos e cambiar o contrasinal vains aparecer unha páxina web cunha interface (deseño con espazos, bloques e menús) que consta dos seguintes elementos:

- Cabeceira
- Sección principal central (pode chegar a ocupar toda a páxina)
- Marxes laterais con bloques: (poden contraerse lateralmente para ampliar a sección principal)
  - Informativos
  - Menús

Na cabeceira aparecerá a nosa fotografía e o noso nome completo. Por riba haberá unha barra que na parte dereita terá unha campá, o noso nome completo e unha foto pequena cunha punta de frecha á dereita que podemos premer para que se abra o menú de usuario/a. ([preme para ver un videotutorial](#))

Na sección principal aparecerá o panel de control cunha vista xeral de todos os cursos nos que estamos matriculados. Por isto é moi importante identificarnos antes de intentar acceder a un curso. Se non nos identificamos aparecerannos todos os cursos de todas as materias e niveis e vains a ser máis difícil atopar o que desexemos.

Os bloques laterais subministran información ou permítennos, mediante menús, acceder a distintas opcións de configuración ou ferramentas. Nesta interface inicial vanns aparecer un bloque á dereita chamado *Navegación* e outros cinco á dereita *Ficheiros privados*, *Calendario*, *Próximos eventos*, *Usuarios conectados*. ([preme para ver un videotutorial](#))

## Que é o primeiro que debo facer?

Todos os que teñamos máis de 14 anos deberemos configurar o noso perfil introducindo obrigatoriamente unha **conta de correo electrónico persoal activa**. Isto é moi importante para recibir notificacións dos cursos nos que estamos matriculados. É aconsellable ter unha **conta de correo exclusiva** para este fin pois o volume de comunicacións pode ser moi grande.

**IMPORTANTE:** *Logo de cambiar a conta de correo no perfil envíasenos unha comunicación a esa conta para verificar que é nosa. Debemos entrar nese correo e seguir instrucións. Se non facemos isto non se producirá o cambio e non poderemos recibir correos.*

Os maiores de 14 anos deberiamos tamén incluír unha fotografía tipo DNI para que o profesorado nos identifique. Isto é opcional e no caso de que non o fagamos, ou que a fotografía non permita a identificación, o administrador subirá a fotografía que entregamos coa matrícula. ([Preme para ver videotutorial](#))